



[Gal/Cast] Golpe do PP e Bruxelas ao sector do mar galego

SERMOS GALIZA :: 16/09/2012

Golpe del PP y de Bruselas al sector galego del mar

Galego A Eurocámara suprime a obriga de incluír nas conservas o país de orixe do produto enlatado e a denominación comercial da especie. Unha decisión que pode implicar consecuencias nefastas para o sector do mar da Galiza, como xa están a advertir entidades como o Consello regulador do mexillón. A principal valedora e defensora de retirar esta información da conserva foi a eurodeputada do PP de Galiza Carmen Fraga. Fraga asegurou, en pleno debate europarlamentar, que nin os datos sobre a especie enlatada nin o país de procedencia desta non achegaban "nada relevante ao consumidor, que sería ademáis, incapaz de dixerir tal cantidade de detalles". Tal comentario, e as súas consecuencias, non deixan de xerar estupor entre profesionais dos sectores do mar galego e entidades de consumidor@s. Estes, por ver como a eurodeputada popular dá por feito que non entenden a información dunha conserva ou ben porque consideran que con esa retirada se lles está a furtar a posibilidade de coñecer o máis posíbel do produto enlatado e poder facer así un consumo responsábel. **Castellano** La Eurocámara suprime la obligación de incluir en las conservas el país de origen del producto enlatado y la denominación comercial de la especie. Una decisión que puede implicar consecuencias nefastas para el sector del mar de Galiza, como ya están advirtiendo entidades como el Consejo regulador del mejillón. La principal defensora y valedora de retirar esta información fue la eurodiputada del PP de Galiza Carmen Fraga. Fraga aseguró, en pleno debate parlamentario, que ni los datos sobre la especie enlatada, ni el país de procedencia nos acercaban "nada relevante al consumidor, que sería además incapaz de digerir tal cantidad de detalles". Tal comentario y sus consecuencias, no deja de generar estupor entre los profesionales del mar galego y entidades de consumidores/as. Estes, al ver como la eurodiputada popular da por hecho que no entienden la información de esa conserva, o bien porque consideran que con esa retirada se les está ocultando la posibilidad de conocer lo más posible sobre el producto enlatado y poder realizar así, un consumo responsable.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-golpe-do-pp-e-bruxelas-ao-secto>